

### **CIRCULAR 1-2017 (inclúe caixóns de saída)**

- A todas as Delegacións (\*)
  - A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **LXXXII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO, PROMESA E JUNIOR DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS MASCULINO L CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO, PROMESA E JUNIOR DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS FEMENINO**

Ribadavia, 29 de xaneiro de 2017

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense organizarán o vindeiro Domingo día 29 de xaneiro do 2017 o LXXXII Campionato de Galicia absoluto, promesa e junior de campo a través individual e por equipos masculino e o L Campionato de Galicia absoluto, promesa e junio individual e por equipos feminino a celebrar en Ribadavia.

**Art.2).**- Para o Campionato, a título individual, realizaranse as seguintes clasificacións: *Absoluta (1994 e anteriores), promesa (1995, 1996 e 1997) e junior (1998 e 1999) tanto en homes coma mulleres.* E para a clasificación por equipos utilizaranse as seguintes categorías: *sénior (1994 e anteriores) promesa (1995, 1996 e 1997) e junior (1998 e 1999) tanto en homes coma mulleres.*

**Art.3).**- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertenzan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

**Art.4).**- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías e unha clasificación absoluta a nivel individual. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo, agás das categorías junior e promesa feminino que será de 3. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.

**Art.5).**- A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non teñan polo menos a 4 atletas na saída, agás na categoría junior e promesa feminina que será de 3 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.

3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría júnior e promesa feminina que será de 3 atletas.
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto (terceiro en júnior e promesa mulleres), teña finalizado máis preto do gañador da proba.
7. Os atletas promesas en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos senior.

\*Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

**Art.6).- Realizarase unha clasificación individual absoluta e das categorías junior e promesa, e unha clasificación por equipos.**

**Art.7).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:**

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
11:00	Júnior	Mulleres	5.000 m. aprox.
11:30	Júnior	Homes	7.000 m. aprox.
12:05	Senior-Promesa (*)	Mulleres	9.000 m. aprox.
13:05	Senior-Promesa (*)	Homes	9.000 m. aprox.

*(\*) Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

**Art.8).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 24 de xaneiro ás 20:00 horas.**

**Art.9).- Os Delegados oficiais dos Clubs ou os propios atletas nos casos de inscricións individuais, poderán retirar os seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período poderá non ser admitida a participación do atleta.**

**Art.10).- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.**

**Art.11).- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.**

**Art.12).- Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros/as equipos clasificados en cada unha das categorías.**

**Art.13).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible no peito en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.**

**Art. 14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.15).- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.**

### Caixóns de saída tralo sorteo realizado

JUNIOR MASCULINO		
Caixón	Club	
3	AD Limiactiva	
7	ADAS Proinor	
13	Atletica Val Minor	
2	Atletismo Noia	
6	Atmo. Samertolameu	
12	CA Santiago	
1	Club Atletismo SAR	
11	CORREDORES DO MIÑO	
5	Coruña Comarca	
14	Lucus Caixa Rural Galega	
4	Lugo Running Club	
8	Olimpico Vedra	
15	Ourense Atletismo	
10	R.C. Celta	
9	S.G. Pontevedra	
PROMESA-ABSOLUTO MASCULINO		
Caixón	Club	
3	3RUN by PedroNimo	
3	A Gándara	
	A Gándara	
9	AD Limiactiva	

10	ADAS Proinor	
5	ASOCIACION DEPORTIVA CAR	
12	Atletas Veteranos Ourense	
11	ATLETISMO ARENTEIRO	
11	ATLETISMO FONTES DO SAR	
19	Atletismo Porrino	
19	Atmo. Samertolameu	
13	Burgas Orense	
12	C.S.C.R. Beade	
9	CA Santiago	
13	CD San Paio A Estrada	
12	CLUB ATLETISMO ESTRADA	
7	Club Atletismo Negreira	
14	Club Atletismo SAR	
8	CLUB DEPORTIVO AURUM	
15	CLUB DEPORTIVO PINARIUM	
7	Comesaña Sporting Club	
20	CORREDORES DO MIÑO	
20	Coruña Comarca	
16	EA Ben Cho Shey	
6	ESPRINTES OURENSE	
20	Fisioterapia San Lázaro	
16	Fluvial	
16	INDEPENDIENTE	
19	Lucus Caixa Rural Galega	
9	Lugo Running Club	
17	Marineda Atletico	
16	MILER RUNNIN CLUB	
16	Olympo As Pontes	
17	Ourenrunning	
4	Ourense Atletismo	
4	PATO BLANCO DE CELANOVA	
10	R.C. Celta	
	R.C. Celta	
17	RUNGALICIA.COM	
1	S.A. DO TREGA	
18	S.G. Pontevedra	
1	San Miguel de Marín	
16	TANINOS RUNNERS PONTEAREAS	
16	Universidad Santiago	
2	Vexel Nutricion Dep	
16	Veteranos Samil	

#### JUNIOR FEMENINA

Caixón	Club	
5	ADAS Proinor	

1	At. Femenino Celta	
7	Atletica Lucense	
4	Atletismo Noia	
8	Atletismo Porrino	
3	Comesaña Sporting Club	
3	Lugo Running Club	
6	Ourense Atletismo	
9	Verxel Nutricion Dep	

**PROMESA-ABSOLUTA FEMENINA**

<b>Caixón</b>	<b>Club</b>	
5	3RUN by PedroNimo	
3	ADAS Proinor	
9	At. Femenino Celta	
11	ATLETISMO ARENTEIRO	
6	Atletismo Porrino	
2	Atmo. Samertolameu	
12	Burgas Orense	
1	C Dental Seoane Pampín	
7	Club Atletismo SAR	
8	Comesaña Sporting Club	
13	Fisioterapia San Lázaro	
10	Maeloc Way	
14	Ourenrunning	
17	Ourense Atletismo	
18	Pielagos	
4	Ria Ferrol-C. Arenal	
16	S.A. DO TREGA	
19	S.G. Pontevedra	
15	Universidad Santiago	
20	Verxel Nutricion Dep	

Victor Arufe Giraldez  
 Secretario Xeral da FGA  
 (Asdo. no Orixinal)  
 A Coruña, a 2 de xaneiro de 2017